

**Aposta pola acción solidaria**

**EROSKI E OS SEUS CLIENTES DOAN MÁIS DE  
4.052 TONELADAS DE ALIMENTOS PARA  
FAMILIAS NECESITADAS NO PRIMEIRO  
SEMESTRE DO ANO**

- **A cifra equivale ao consumo medio de alimentos de 2.446 familias ao longo dun ano**
- **Preto de 460 establecementos EROSKI, Vegalsa e Caprabo uniranse de novo este venres e sábado á chamada solidaria da Gran Recollida que organiza a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL)**
- **EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos con FESBAL**

**Elorrio, 29 de novembro do 2017.-** [EROSKI](#) e os seus clientes doaron máis de 4.052 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos no que vai de ano. A cifra equivale ao consumo de alimentos de 2.446 familias ao longo do ano. Desta doazón, máis de 3.536 toneladas doounas EROSKI dentro do programa "Desperdicio Cero", que garante que non se desbote ningún alimento apto para o consumo nas tendas EROSKI, senón que se doe a organizacións sociais do contorno próximo de cada tenda. Para desenvolver este programa, EROSKI colabora cun cento de organizacións socialmente responsables españolas.

As outras doazóns, máis de 515 toneladas de alimentos, corresponden ao recadado a través das campañas de recollida celebradas ata a data nos establecementos EROSKI, [Vegalsa](#) e [Caprabo](#) a prol de Bancos de Alimentos. Preto de 460 das súas tendas, que inclúen supermercados, hipermercados e franquías, uniranse de novo este venres e sábado, días 1 e 2 de decembro, á chamada solidaria da Gran Recollida que organiza a Federación Española de Bancos de Alimentos ([FESBAL](#)).

*"En EROSKI temos un firme compromiso para contribuír a unha sociedade máis xusta e solidaria. A colaboración cos Bancos de Alimentos nesta campaña supón unha excelente oportunidade de materializar este compromiso de EROSKI na súa misión como cooperativa de consumo",* sinala o director de Responsabilidade Social de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Para desenvolver o programa Desperdicio Cero, EROSKI colabora con FESBAL (Federación Española de Bancos de Alimentos). *"Queremos agradecer a longa colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos. Amosa un compromiso contra a dilapidación de alimentos que está no celme do espírito de ambas as dúas*

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

*organizacións", afirmou o presidente da Federación Española de Bancos de Alimentos, Nicolás Palacios.*

### **A tradicional Gran Recollida de Alimentos esta fin de semana**

A Gran Recollida de Alimentos deste venres e sábado terá dúas modalidades, a entrega física tradicional de produtos e a recollida vía vales.

*"As franquías seguirán o modelo tradicional de recollida de produtos. Os clientes poderán mercar alimentos e depositalos nos puntos de recollida dispostos nas tendas. No caso dos establecementos pequenos, só haberá recollida vía vales por cuestións de loxística",* aclara o director de Responsabilidade Social de EROSKI.

Nos hipermercados e supermercados propios convivirán a recollida física e a colaboración a través da compra de vales con valor de 5 € ou por importe menor. *"Os clientes adquiren estes vales ao seu paso por caixa. Mercado un vale de 5 euros, por exemplo, fai unha doazón equivalente a dous botes de legumes, dous quilos de pasta e catro latas de conservas de peixe",* explica Martínez Berriochoa. Ao remate da campaña, a cantidade obtida a través de vales queda á disposición dos Bancos de Alimentos para a compra dos produtos que lles resulten necesarios.

Coma en anteriores campañas, EROSKI engadirá unha doazón adicional equivalente ao 7% do total recollido na campaña. *"Como é habitual, dende EROSKI quixémonos unir a este compromiso e sumar unha doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores",* indica Alejandro Martínez Berriochoa.

### **Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos**

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa de EROSKI e dos Bancos de Alimentos continúa vixente co compromiso "Desperdicio Cero" de non guindar ningún alimento que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados.

Co comezo das primeiras consecuencias da crise económica, EROSKI e FESBAL espallaron este programa aos alimentos frescos, para o que foi preciso redefinir a

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



loxística de doazón co fin de manter a cadea de frío e asegurar que os alimentos doados cheguen con total seguridade alimentaria aos seus destinatarios.

A cooperativa foi recoñecida co " Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federacion Española de Bancos de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)